



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Medicina e Odontoloxía**

**Curso Académico: 2015 / 2016**

## Índice

1.	Introdución .....	3
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	5
3.	Plan de Melloras do Centro .....	17
4.	Anexo: Informes de seguimento .....	18

## 1. Introducción

A equipa decanal e en xeral o profesorado da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é consciente da importancia de desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación aos estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e da optimización dos recursos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía, correspondente ao curso académico 2015/2016, recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, aos títulos impartidos no centro e ao Plan de Melloras do Centro (incluíndo as Accións de Mellora programadas a nivel de centro para o curso 2016/2017), así coma os Informes de seguimento das titulacións impartidas no centro (Anexos).

O presente documento foi elaborado polo grupo de traballo encargado das actividades e procedementos de mellora e debatido nas sesións celebradas os días 23 e 24 de Febreiro de 2017.

A Memoria de Calidade foi aprobada pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Medicina e Odontoloxía o día 2 de Marzo de 2017.

Polo que se refire aos títulos impartidos no curso académico 2015/2016 foron os seguintes:

- a. Grao en Medicina (GrM)
- b. Grao en Odontoloxía (GrO)
- c. Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (MUCXNACD) - Interuniversitario.
- d. Máster Universitario en Investigación Biomédica (MUIB)
- e. Máster Universitario de Investigación en Ciencias da Visión (MUCXNACD) - interuniversitario
- f. Máster Universitario en Saúde Pública (MUSP)

No curso 2015-16 non se ofertou a Master Universitario en Ciencias Odontolóxicas (MUCO), xa que o Grao en Odontoloxía (GrO) ten recoñecido o nivel 3 (Master) do MECES.

Cómpre destacar, que este centro é complexo, tanto polo volume de titulacións que se xestionan, como polas características da docencia que aquí se imparte . e o número de alumnos cos que conta.

A documentación de referencia inclúe:

- o Manual do SGIC,
- o Manual de Procesos e Procedementos,
- a Normativa estatal, e autonómica
- a Normativa da Universidade de Santiago de Compostela
- as Memorias verificadas dos diferentes títulos que se imparten na facultade.

A estrutura para o desenvolvemento do SGIC na Facultade de Medicina e Odontoloxía está formada pola Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título de cada un dos graos e másteres impartidos no centro, e o Comité Consultivo.

A Comisión de Calidade do Centro está formada por:

- O Decano (que a preside e a convoca)
- A Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade, que é a Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- A Secretaria do Centro, que o é tamén da Comisión
- Os coordinadores ou coordinadoras das titulacións adscritas o Centro
- A responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos
- Un alumno/a de Medicina e outro de Odontoloxía
- Un representante do Comité Consultivo
- Cinco membros do Persoal Docente e Investigador dos Departamentos con sede administrativa na Facultade de Medicina e Odontoloxía, tralo proceso de reorganización dos Departamentos realizado polo equipo de goberno da Universidade de Santiago de Compostela

Ademais, de acordo co recollido no Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade, e consonte co establecido nos Estatutos da Universidade, os órganos de goberno e administración do Centro son a Xunta de Facultade (órgano colexiado) e o Equipo Decanal.

O Equipo Decanal actual esta formado polo Decano, o Vicedecano de Docencia Clínica, a Vicedecana de Intercambios, Innovación Docente e Calidade, o Vicedecano de Odontoloxía, e a

Secretaría.

De acordo co Regulamento de Réxime Interno (RRI), se establecen tamén as seguintes comisións delegadas que terán carácter estable:

- Comisión Permanente
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Docencia do Grao en Medicina
- Comisión de Docencia do Grao en Odontoloxía
- Comisión de Validacións de Medicina
- Comisión de Validacións de Odontoloxia

Ademáis desas Comisións recollidas no RRI, a Facultade dispón das seguintes comisións específicas:

- Comisión Académica de Avaliación de Competencias Obxectiva Estruturada (ACOE)
- Comisión do Traballo Fin de Grao de Medicina
- Comisión do Traballo Fin de Grao de Odontoloxía

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### O Sistema de Garantía Interna de Calidade

A Facultade de Medicina e Odontoloxía aprobou o súa versión inicial do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no ano 2010, obtendo a avaliación favorable por parte da ACSUG en maio dese ano.

Posteriormente, o SGIC marco da USC foi modificado no ano 2013, para simplificalo e para evitar a duplicación de traballo nos centros. Así, os documentos que configuran o SGIC marco revisado da USC son o Manual Extenso, o Manual Simplificado e o Manual de Procesos e Procedementos. No curso 2015-16 iniciouse no Centro un proceso de revisión exhaustiva do SGIC para axustalo á realidade da Facultade e ao contexto da súa oferta formativa, proceso que está previsto completar no curso 2016-17, tal e como se recolle no Plan de Melloras do Centro.

Tamén estamos a definir claramente as competencias da Comisión de Calidade do Centro co fin de darlle o necesario protagonismo, tanto como órgano garante da calidade dos procesos formativos que son responsabilidade da Facultade, como promotora de iniciativas de mellora continua dentro do organigrama do Centro.

Como establece a normativa da USC, os centros deben adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades, non tendo que replicar os outros documentos no seu sistema agás cando introduzan modificacións sobre os documentos marco. Esta é unha das áreas de mellora que se está a completar actualmente como paso esencial para implantar completamente o desenvolvemento do SGIC da Facultade.

En canto ao Manual de Procesos e Procedementos, foi modificado o pasado mes de xullo de 2015 (versión 3 aprobada polo Consello de Goberno o 29 de xullo de 2015), se ben considérase necesario abordar unha adaptación dos procesos e procedementos nel establecidos tendo en conta á realidade da Facultade, para asegurar así o seu funcionamento óptimo.

No Plan de Melloras 2016-17 recóllense de forma concreta todos estes aspectos relativos o compromiso da Facultade na revisión e desenvolvemento do SGIC.


## Resultados do SGIC

### Oferta e perfil de ingreso


No curso 2015-2016 ofertáronse 500 prazas de inicio de estudos distribuídas da seguinte forma:

Prazas Ofertadas	
Grao en Medicina	360
Grao en Odontoloxía	50
Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos,...	25
Máster Universitario en Investigación Biomédica	25
Máster Universitario en Saúde Pública	30
Máster Universitario en Investigación en Ciencias...	10
<b>TOTAL</b>	<b>500</b>

Como se pode ver na seguinte gráfica, no curso 2015-16 produciuse un aumento do número total de prazas ofertadas de inicio de estudos, cambiando a tendencia a redución progresiva rexistrada nos cursos académicos previos, e a pesares de que o Master Universitario de Ciencias Odontolóxicas deixou de ofertarse por ter recoñecido o Grao en Odontoloxía o nivel 3 do MECES, como xa se indicou. Os motivos de tal incremento débense a que o límite de prazas ofertadas para o Grao en Medicina pasou nese curso de 350 a 360, e a que o Master Universitario de Saúde Pública ofertou de novo prazas de inicio de estudos, trala non oferta producida no curso previo en aplicación do Decreto 222/2011 da Consellería de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.




No curso 2015-16 o Centro contou cun total de 2.620 alumnos e alumnas sen contabilizar o alumnado de programas de mobilidade. O volumen total de alumnado do Centro sufriu un incremento exponencial o longo do tempo, a expensas particularmente da titulación do Grao en Medicina, tal e como se pode apreciar na gráfica seguinte.



En canto ao perfil dos estudantes da Facultade de Medicina e Odontoloxía, tanto no Grao como nos Mestrados, a totalidade do alumnado ten unha nota media de acceso superior a 6 (ver gráfico). Para os estudos do Grao en Medicina, confírmase a tendencia a alza dende o ano 2010-11, cando aínda eran estudos de Licenciatura, evolucionando do 11,86 ao 12,57 actual (sobre 14); no Grao en Odontoloxía reflexase unha tendencia similar, pasando do 11,44 no 2010-11, cando aínda eran estudos de Licenciatura, ao actual 12,15; notas todas elas sobre 14 puntos. No caso dos mestrados, no curso 2015-16 estas foron as notas medias de acceso: Máster en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento (7,66); Master en Investigación Biomédica (7,23); Máster Universitario en Investigación en Ciencias da Visión (8,85); e Máster Universitario en Saúde Pública (7,38), notas todas elas sobre 10 puntos.


Ademais, este perfil mantense o longo do tempo, polo que a captación de alumnado para todas as titulacións adscritas o Centro pode considerarse óptima neste senso.





Polo que respecta á procedencia do estudiantado, a Facultade de Medicina e Odontoloxía capta maioritariamente alumnado nacional, supoñendo o alumnado estranxeiro o 8,51% do total de estudantes matriculados (223 de 2620 no curso 2015-16). Por outra parte, dentro do alumnado nacional, os estudantes de fóra de Galicia representan o 14,58% da matrícula total.


En canto os programas de mobilidade do alumnado, a Facultade enviou algo máis de alumnado do que recibiu no curso 2015-16. Confírmase a tendencia o incremento progresivo da porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade sobre o total de matriculados, acadando nese curso a cifra máis alta (5,04%), que se produce fundamentalmente a expensas do alumnado do Grao en Medicina. Entre a mobilidade recibida, compre destacar que a cuarta parte do alumnado matriculado no Master de Investigación Biomédica procede de programas de intercambio e mobilidade. Para o Grao en Medicina evidénciase a tendencia ao aumento progresivo da mobilidade saínte e a estabilización da porcentaxe de mobilidade entrante; no caso do Grao en Odontoloxía, prodúcese a tendencia inversa, de xeito que se estabiliza a porcentaxe de mobilidade saínte, e aumenta progresivamente a de mobilidade entrante.




Tendo en conta que a participación do alumnado en programas de mobilidade concéntrase cuantitativamente no Grao en Medicina (no curso 2015-16 enviamos 127 alumnos/as a outros Centros, e recibimos 90 procedentes doutras universidades), e dadas as particularidades do ensino-aprendizaxe desta titulación, compe establecer accións de mellora relativas á planificación e coordinación dos diferentes programas de intercambio e mobilidade nos que participa a titulación .

#### Perfil do Profesorado


A experiencia investigadora do profesorado no curso 2015-16, medida a través da porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia nas titulacións do Centro, mellorou significativamente, reflexando un cambio na tendencia evidenciada nos últimos anos, e aumentando en 36 puntos a experiencia investigadora do PDI. A totalidade do profesorado que imparte docencia no Master en Investigación Biomédica e no Master en Investigación en Ciencias da Visión ten un ou máis sexenios acreditados.



En canto o profesorado doutor sobre o total, neste último curso representou o 85,25%, o que o sitúa nun moi alto nivel de cualificación do cadro de persoal docente, apreciándose unha tendencia á estabilización.



A porcentaxe que supón o profesorado funcionario sobre o total do PDI sitúase no curso 2015-16 no 48,58%, e parece continuar a tendencia á baixa, cando partía do 73,85% no 2010-11. A explicación desta redución débese a restricións de tipo coxuntural que impediron a convocatoria de prazas, e por tanto, a renovación e estabilización do cadro de profesorado.




En definitiva, o cadro de persoal segue a manter un alto nivel de cualificación, se ben a perda de PDI funcionario suxire plantexar unha nova acción de mellora que facilite tanto a estabilización como a renovación do cadro de profesorado.

#### Resultados da aprendizaxe e indicadores de rendemento

En xeral, cúmprese a evolución dos resultados académicos previstos nas memorias de verificación dos diferentes títulos impartidos na Facultade. En referencia á aprendizaxe, as taxas de rendemento, éxito e avaliación amosan uns resultados moi satisfactorios curso a curso, tanto nos Graos como nos Másteres. Ademáis, dende unha perspectiva global, resultaron tamén moi satisfactorios os indicadores de rendemento (taxas de graduación, abandono, éxito, e eficiencia dos egresados) en todas as titulacións.


Nas seguintes gráficas pódese ver a evolución dos diferentes resultados diferenciados para os graos e para os másteres impartidos na Facultade:

## Resultados Académicos dos estudos de Grao



\*A taxa de graduación que figura no curso 2015/2016 correspóndese co Grao en Odontoloxía. Non se dispón de datos de graduación para o Grao en Medicina porque precisan de un curso máis a maiores do establecido no título. A taxa de abandono refírese á que se produce no primeiro curso dos graos

## Resultados Académicos dos estudos de Master



\*A taxa de abandono que figura refírese á que recolle o RD 1393.

A continuación, expóñense os resultados do curso 2015-16 máis en detalle, que o igual que a súa evolución, cumpren en xeral os compromisos adquiridos nas memorias de verificación e a evolución esperada dos diferentes títulos.

RESULTADOS ACADÉMICOS 2015-16	GrM	GrO	MUCXNACD	MUIB	MUCV	MUSP
IN34CM-S01-PM-01.-Taxa de Rendemento	89,00	91,18	90,37	97,20	100	87,37
IN35CG-S01-PM-01.-Taxa de éxito	92,68	95,10	100	100	100	98,42
IN36CG-S01-PM-01.-Taxa de avaliación	96,03	95,89	90,37	97,20	--	88,77
IN37CG-S01-PM-01.-Taxa de graduación	--	82,35	84,85	95,45	100	--
IN38CM-S01-PM-01.-Duración media dos estudos	6,00	5,26	1,38	1,00	1,33	1,00
IN39CG-S01-PM-01.-Eficiencia dos titulados	--	97,90	99,67	100	100	100
IN40CG-S01-PM-01.-Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	2,36	10,71	--	--	--	--
IN41CG-S01-PM-01.-Taxa de abandono RD 1393	--	5,88	15,15	4,55	0,00	--
IN50CG-S01-PM-01.-Taxa de éxito dos egresados	97,47	97,42	100	100	100	100
IN53CG-S01-PM-01.-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	96,84	96,62	89,86	99,67	86,49	100

### Resultados das enquisas de satisfacción

No que respecta á satisfacción das diferentes enquisas realizadas dentro do Sistema de Garantía Interna de Calidade, os resultados son satisfactorios aínda que é preciso aumentar a participación para que a taxa de resposta sexa representativa.

Cabe destacar que por primeira vez no curso 2015/2016, realizouse por segundo ano consecutivo unha enquisa ao Persoal de Administración e Servizos que presta os seus servizos na Facultade de Medicina e Odontoloxía. Os resultados son satisfactorios acadando un 3,73 (sobre 5) a satisfacción global co seu traballo, cifra superior á media relativa á Universidade.

O resto de enquisas establecidas no sistema analízanse nos informes de seguimento de cada título, aínda que cómpre destacar a enquisa de mobilidade entrante, que se realiza a nivel da Facultade. A satisfacción global co programa de mobilidade no 2015/2016 foi moi satisfactoria, de 4,11 puntos (sobre 5).

### Xestión de incidencias

A xestión de incidencias aténdese a través de tres canles:

1. *A Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)*, que ten encomendada a función de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC. Así mesmo, compételle a tramitación e proposta de resolución dos recursos que teñen que ver cos procedementos de xestión académica tramitados nas distintas unidades administrativas da USC dos que se sinalan: validacións, adaptacións, anulacións de matrícula, admisións, simultaneidades, subvención de prezos, apoio titorial extraordinario, revisión de cualificacións e recoñecemento de estudos cursados en programas nacionais ou internacionais. De acordo coa Memoria de actividades da OAR 2015-16, en relación cos recursos presentados no ámbito da xestión académica, o tema máis recorrente correspondeuse co “Recoñecemento de estudos”. Dos 43 recursos resoltos no ano 2015 relacionados coa Facultade de Medicina e Odontoloxía, 22 corresponderon á temática relacionada cos recoñecementos de estudos. O volume de recursos sobre o total de matriculados da Facultade non é significativo. En canto ás queixas e suxestións presentadas, vemos que a Facultade de Medicina e Odontoloxía presenta 24 queixas por parte do seu alumnado das que 6 foron estimadas, 16 desestimadas, e 1 arquivada. O número queixas presentadas tamén é moi baixo se tomamos como referencia o alumnado total da Facultade.
2. *O Valedor da Comunidade Universitaria*. Durante o curso 2015-16, o Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía emitiu o correspondente informe, en resposta á solicitude feita polo Valedor respecto dunha queixa presentada polo incumprimento do procedemento de avaliación establecido na programación dunha materia. No informe anual do Valedor da Comunidade Universitaria, presentado ante o Claustro, non figura nada significativo en relación coa Facultade de Medicina e Odontoloxía.
3. *Procedementos iniciados no Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía*: Durante o curso 2015-16, recibíuse unha única cualificación relativa á cualificación dunha materia do Grao

en Odontoloxía, que foi arquivada porque así o solicitou por escrito o alumnado reclamante o resolverse a situación directamente co profesorado responsable de dita materia.

Á vista destes e doutros indicadores facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, tanto as titulacións de Grao como as de Máster ofertadas na Facultade de Medicina e Odontoloxía obteñen, en comparación cos globais da Universidade de Santiago de Compostela, uns bos resultados.

### Información pública

A Comisión de Calidade valorou a información pública que figura na web relativa aos títulos e ao Sistema de Garantía de Calidade. En consonancia coa necesidade de desenvolver e implementar o SGIC da Facultade, é preciso actualizar e mellorar a información que figura no apartado Calidade para dar resposta á información mínima que se debe facer pública e á retroalimentación necesaria dos diferentes grupos de interese da facultade.

Para iso, acórdase programar unha acción de mellora para desenvolver durante o curso 2016/2017 as melloras necesarias.



### 3. Plan de Melloras do Centro 2016/2017

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 1
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
	Definición	Análise causa	Necesidade de desenvolver e implementar o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade.
		Definición/descrición proposta	Elaboración da documentación do SGIC
		Data prevista de finalización	Xullo de 2017
		Data inicio	Marzo de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Vicedecana de Calidade do Centro/Comisión de Calidade do Centro	
Tarefa 1	Código	AM 1.1	
	Descrición tarefa	Completar a revisión do Manual Simplificado do SGIC da Facultade	
	Estado	En execución	
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade	
Tarefa 2	Código	AM 1.2	
	Descrición tarefa	Revisión de procesos e procedementos clave para o centro e aprobación do Manual de Procesos e Procedementos da Facultade	
	Estado	En execución	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 2
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
	Definición	Análise causa	Necesidade de seguir ofrecendo e mellorar a información dispoñible sobre o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía.
		Definición/descrición proposta	Mellorar a información dispoñible no apartado <i>Calidade</i> da web do centro.
		Data prevista de finalización	Xullo de 2017
		Data inicio	Xaneiro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Decanato / Vicedecana de Calidade	
Tarefa 1	Código	AM 2.1	
	Descrición tarefa	Revisar, actualizar e completar a información referente a documentación marco, órganos e comisións do SIGC, e títulos impartidos na Facultade	
	Estado	En execución	
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade/Área de calidade da USC/Coordinadores de Másteres	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 3
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

	Definición	Análise causa	Necesidade de aumentar a participación nas enquisas de satisfacción
		Definición/descripción proposta	Investigar os motivos da baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida nas titulacións de Grao
		Data prevista de finalización	Jullo de 2017
		Data inicio	Setembro de 2016
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal	
Tarefa 1	Código	AM 3.1	
	Descrición tarefa	Reunión con alumnado das titulacións de Grao	
	Data prevista de finalización	Xullo de 2017	
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade	
<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 4
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de ensinanza, aprendizaxe e avaliación centrados no estudante
	Definición	Análise causa	Necesidade de desenvolver de xeito eficiente o ensino-aprendizaxe e a avaliación das materias con competencias básicas e clínicas, mantendo o bo nivel acadado nos resultados da aprendizaxe e nos indicadores de rendemento das titulacións do Centro
		Definición/descripción proposta	Mellorar os recursos materiais do centro adicados á docencia de competencias básicas e clínicas
		Data prevista de finalización	Decembro 2017

		<b>Data inicio</b>	Xaneiro de 2017
<b>Responsables</b>		<b>Responsable da implantación</b>	Vicedecana de Calidade/Vicedecano de Docencia Clínica/Vicedecano de Odontoloxía/Coordinadores/as de Másteres
<b>Tarefa 1</b>		<b>Código</b>	AM 4.1
		<b>Descrición tarefa</b>	Adquirir equipamento especializado e material docente de simulación (se existira subvención)
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro de 2017
		<b>Persoa responsable</b>	Vicedecana de Calidade
<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 5
		<b>Tipo</b>	Acción de Mellora
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Directriz 1. Garantía e mellora da calidade de recursos humanos
		<b>Análise causa</b>	Perda do Profesorado funcionario no cadro de PDI dos Departamentos do Centro
	<b>Definición</b>	<b>Definición/descrición proposta</b>	Promover a estabilización e a renovación do PDI dos Departamentos adscritos o Centro
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2017
		<b>Data inicio</b>	Xaneiro de 2017
		<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>
<b>Tarefa 1</b>		<b>Código</b>	AM 5.1
		<b>Descrición tarefa</b>	Promover e apoiar as solicitudes razoadas de petición de prazas por parte dos Departamentos adscritos o Centro

	Data prevista de finalización	Decembro de 2017		
	Persoa responsable	Decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía		
<b>ACCIÓNS DE MELLORA</b>				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 6	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Organización e desenvolvemento
		Definición	Análise causa	Volumen de alumnado participante e diversidade dos Programas de mobilidade e intercambio para o Grao en Medicina
			Definición/descrición proposta	Reforzar as accións e os procedementos de coordinación dos programas de mobilidade e intercambio que permitan planificar e desenvolver eficazmente os acordos académicos do alumnado saínte e entrante do Grao en Medicina, mantendo os niveis de calidade
			Data prevista de finalización	Xullo de 2017
Data inicio	Setembro de 2016			
Responsables	Responsable da implantación	Vicedecana de Calidade/Vicedecano de Docencia Clínica/RAM/Coordinadores/as académicos de intercambio		
Tarefa 1	Código	AM 6.1		
	Descrición tarefa	Coordinar a través da Vicerreitoría de Internacionalización e o Servizo de Relacións Exteriores da USC os requisitos necesarios para cursar materias do Grao en Medicina en réxime de intercambio e mobilidade, tanto entrante como saínte		
	Data prevista de finalización	Xullo de 2017		
	Persoa responsable	Responsable académica de mobilidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía		

Tarefa 1	Código	AM 6.2
	Descrición tarefa	Establecer cos coordinadores/as académicos de intercambio e mobilidade do Grao en Medicina mecanismos para garantir o axeitado desenvolvemento dos acordos académicos que incluan materias de práctica clínica no alumnado entrante
	Data prevista de finalización	Xullo de 2017
	Persoa responsable	Responsable académica de mobilidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía/Coordinadores/as académicos de intercambio e mobilidade
Tarefa 1	Código	AM 6.3
	Descrición tarefa	Realizar sesións específicas de información e orientación para alumnado do Grao en Medicina relativas a elección de centros de destino e elaboración dos acordos académicos de intercambio e mobilidade saínte
	Data prevista de finalización	Xullo de 2017
	Persoa responsable	Responsable académica de mobilidade da Facultade de Medicina e Odontoloxía

### ACCIÓNS DE MELLORA LEVADAS A CABO NO CURSO 2015-16

Definición	Acción de mellora	Código	AM 3	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
		Análise causa		Necesidade de aumentar a participación nas enquisas de satisfacción
		Definición/descrición proposta	Incrementar o grao de participación nas enquisas de satisfacción, sobre todo do PDI e do alumnado	

		Data prevista de finalización	Decembro 2016	
Tarefa 2		Código	AM 3.2	
		Descrición tarefa	Reforzar a través das Comisións de Docencia de curso a utilizade dos indicadores de satisfacción coa docencia recibida-impartida, e polo tanto da participación nas enquisas de satisfacción	
		Data prevista de finalización	Decembro 2016	
		Persoa responsable	Decanato/Vicedecana de Calidade	
		Estado	Finalizado (Evidencia: Acta da CCC do 19 Novembro de 2015)	
<b>ACCIÓN DE MELLORA</b>				
Definición	Acción de mellora	Código	AM 4	
		Tipo	Acción de Mellora	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora de calidade dos recursos materiais e de servizos	
		Definición	Análise causa	Necesidade de adaptar as infraestruturas á implantación completa dos Grao en Medicina e do Grao en Odontoloxía
			Definición/descrición proposta	Mellorar a xestión dos espazos docentes e mellorar a dotación de recursos materiais destinados á docencia
			Data prevista de finalización	Decembro 2016
			Data inicio	Xullo de 2015
Responsables	Responsable da implantación	Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía		
Tarefa 1		Código	AM 4.1	
		Descrición tarefa	Habilitar unha aplicación informática de reserva dos espazos docentes	

		dedicados o ensino-aprendizaxe de competencias clínicas
	Data prevista de finalización	Marzo 2016
	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade/Responsable da Unidade de Xestión do Centro
	Estado	Finalizado (Evidencia: Acta- Informe da VD á Xunta de Facultade do 10-11-2015)
Tarefa 2	Código	AM 4.2
	Descrición tarefa	Solicitar os Departamentos a información actualizada sobre as necesidades materiais e de espazo para o desenvolvemento da docencia das competencias clínicas incluídas nos seus encargos docentes
	Data prevista de finalización	Xullo 2016
	Persoa responsable	Decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía
	Estado	Finalizada (Evidencia: Comunicado Vicedecanato a profesorado)

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

Os Informes de Seguimento das titulacións adscritas á Facultade de Medicina e Odontoloxía están dispoñibles na páxina web do Centro no apartado *Calidade*.